


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

6-7 de febreiro do 2021

V DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a nosa fe en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Escoitaremos na lectura de hoxe dicir a San Paulo: “Pobre de min se non evanxelizo”. Que nos quere dicir? Evanxelizar é facer realidade cada día a Boa Nova que nos trouxo Xesús e que contemplamos no Evanxeo.

E hoxe vemos coma Xesús está atento ás necesidades dos que se atopan con El. Primeiro a sogra de Pedro e logo todos aqueles enfermos que se amoreaban ao seu arredor para que os curara.

Así é como temos que evanxelizar nós: estar atentos, acompañar, coidar, agarimar a todos os que nos atopamos cada día. Moitas veces a mellor forma de mostrar a presenza de Xesús no medio de nós (evanxelizar) é facernos presentes e escoitar as persoas que sofren por calquera causa.

Canto ben podemos facer ao coidar de nós mesmos?. Non hai nada mellor para coidar dos demais.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A presenza de Xesús no medio de nós faise realidade cando somos capaces de estar a beira de quen precisa unha man. Pero, moitas veces, a comodidade e o egoísmo fan que soamente pensemos en nós mesmos. Por iso agora queremos renovar diante de Deus os nosos compromisos ao tempo que pedimos perdón:*

Monitor/a

- **Comprometémonos a vivir sendo responsables na tarefa de coidarnos para coidar dos demais?**

SI COMPROMETÉMONOS

- **Comprometémonos a abrir os ollos á realidade de tantos homes e mulleres que teñen que vivir en situacións miserentas, sen futuro e sen dignidade?**

SI COMPROMETÉMONOS

- **Comprometémonos a poñer da nosa parte todo o que estea nas nosas mans achegándonos, compartindo e axudando a erguer a quen se sente afundido?**

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que se senten marxinados por calquera causa, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante *Rematamos a primeira parte da celebración comprometéndonos a ser a voz dos necesitados, dos enfermos, dos marxinados, dos que non contan para ninguén.*

(silenzo)

Celebrante

Deus, Noso Pai, garda con amor á túa familia, pois na túa graza está toda a nosa esperanza. Acóllenos sempre nas túas mans protectoras e concédenos vivir ofrecendo sempre aos demais o mellor de nós mesmos. Así o fixo Xesús, e por El, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

Na primeira lectura San Paulo dinos que todo o que fai é polo Evanxeo e por iso está cos máis febles da sociedade.

Xunto a Xesús sempre atopamos aos máis pobres e necesitados. El acólleos e trata de sandar as súas doenzas e preocupacións. El transmítelles paz e esperanza. Facer vivo o Evanxeo é actuar así.

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Porque o mero feito de predicar o Evanxeo non é para min gloria ningunha: é unha necesidade que teño enriba de min. ¡Pobre de min se non predico o Evanxeo! Pois así: se fago isto polo meu gusto, xa teño premio; pero, se o fago a contragusto, é un simple cargo que estou obrigado a administrar. Onde está, logo, o meu premio? -En que, cando predico o Evanxeo, fágoo gratuitamente, renunciando aos dereitos que este Evanxeo me confire.

Pois, sendo como son libre con respecto a todos, de todos me fixen escravo para gañar os máis posibles.

Cos débiles fíxenme débil, para gañar os débiles. Fíxenme todo con todos, para salvar algúns a toda costa. Todo o fago polo Evanxeo, para ter algunha parte nel.

Palabra do Señor

🎵 50 🎵 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 183 Mc 1,29-39 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, despois de saír da sinagoga, Xesús foi á casa de Simón e mais de Andrés, con Santiago e Xoán. A sogra de Simón estaba na cama con febre, e axiña lle faláron dela. E achegándose, colleuna pola man e ergueuna; desapareceulle a febre e púxose a servilos.

Chegada a tardiña, xa de sol posto, leváronlle todos os enfermos e endemoñados; a vila enteira amoreouse na porta. E sandou a moitos enfermos de varias doenzas e botou moitos demoños. Pero aos demoños non os deixaba falar, porque o coñecían ben.

Erguéndose moi cedo, aínda de noite, saíu para un lugar arredado, onde se puxo a orar. Simón e máis os seus compañeiros fórono seguindo, e cando o atoparon, dixéronlle:

-Todos te andan a buscar.

El respondeu:

-Vaiamos a outro sitio, ás aldeas veciñas, para predicarmos tamén alí, que para isto vin. E foi predicando polas sinagogas de Galilea.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



O evanxeo que vimos de escoitar é ocasión para pararnos un pouco e ver como é un día na vida de Xesús. Temos claro como vive, a que e a quen adica o seu tempo, que é importante para el, con que actitudes anda pola vida, ...

Podemos pararnos a enumerar, como son os nosos días? A que nos dedicamos? A quen damos prioridade? Para que non nos chega o tempo? Que e a quen esquecemos?, etc.

É tarefa nosa facer da terra ese fogar atento que lle ofrezca agarimo a todas as persoas que como a sogra de Pedro están necesitadas dunha cama. Non son poucas.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Despois de escoitar a túa Palabra, queremos ser coherentes na fe e na vida, e imitando a Xesús achegarnos a que ten algunha necesidade e ofrecerlle o mellor de nós mesmos. Por iso proclamamos a fe que compartimos:*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

***Credes en Deus Pai e Nai,
creador do ceo e máis da terra,
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,
e fogar acolledor para todas as xentes?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesús, o noso irmán,
que viviu nesta terra
estando á beira das persoas necesitadas,
que se achegou aos enfermos
dándolles o mellor de si mesmo?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para dar resposta ao Señor
co noso bo facer de cada día,
facéndonos cribles como igrexa
que pregoa o evanxeo da vida?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Xesús, e con el acheguémonos aos demais coa mesma forza coa que el se achegaba a maiores, a enfermos, a quen se sentía só. Oremos dicindo: SEÑOR, PÓMONOS NAS TÚAS MANS*

Monitor/a

✓ Recemos por todas as persoas enfermas da nosa parroquia, tan queridos por Xesús. Non nos queremos esquecer deles. Oremos

✓ Recemos por toda a xente que nas casas e nos hospitais atenden aos enfermos, e recemos tamén por organizacións que traballan por erradicar enfermidades curables nos países do terceiro mundo. Oremos

✓ Lembrando a sogra de Pedro do evanxeo de hoxe, recemos polas persoas maiores que se senten soas, polas que non atopan a ninguén que as escoite. Oremos

✓ Pensando na presente pandemia, recemos polos nenos e nenas da nosa comunidade de Os Cotos, para que segan dando exemplo de responsabilidade nas casas como o fan na escola e valoren a vida do mundo rural. Oremos

Celebrante: *Escoita, Pai, as nosas pregarías, e énchenos do alento que levaba a Xesús a achegarse aos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Damos un pasiño no noso compromiso con Deus e cos demais sentíndonos irmáns de todos e fillos dun mesmo Pai. Rezámolo:
NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El sexamos tamén nós transmisores de esperanza e paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *O evanxeo empúxanos a un estilo de vida que nos leva dende o fogar a ser igrexa para todas as persoas.*

Xesús acóllenos a todos sen distincións para que aprendamos que todos somos necesitados da súa Palabra e do seu amor.

Ditosos nós que hoxe somos acollidos e convidados a facer crible o EVANXEIO do Señor.

🎵 **No colo da miña nai
ou Non vou só**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, seguros da túa bondade ti fixeches que compartísemos esta celebración de vida e de fe, fai que vivamos unidos en Cristo, e teñamos a alegría de darnos froitos para a salvación do mundo. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, noso irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Xesús convídanos a que nos fiemos de Deus, porque El é o Deus da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras e nos nosos feitos.

A comunidade na que hoxe compartimos faise viva e crible nas palabras e sobre todo nos feitos de cada día.

Non quedemos coas mans nos bolsillos mirando para outro lado, é hora de falar menos e facer máis. Que esta sexa unha semana de proveito na nosa parroquia de

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.



“Pobre de min se non predico o Evanxeo”

Palabras de hoxe na carta de San Paulo aos corintios.